



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xaneiro 2022 • Nº 263



hai  Vedra

por 2022
razóns

XANEIRO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

CALENDARIO MUNICIPAL

■ E NO NADAL...

Vedra reparte un calendario en cada fogar!!!
Non te quedes sen o teu!!

Se rematada a campaña de nadal non o recibiches
chámanos ao 981 814 691.

OFICINAS XERAIS

■ A atención ao público é de luns a venres de 9:00 a
14:00 horas.

Consultas, información, etc... no teléfono 981 814 612 ou
no enderezo electrónico correo@concellodevedra.com

SERVIZO DE AVARÍAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría na iluminación pública
chama ao teléfono 699 304 702 de luns a venres ou ao
902 650 365 para emerxencias en calquera horario.

RENOVACIÓN DA DEMANDA DE EMPREGO

■ A renovación da demanda de emprego é obrigato-
riamente presencial.

Polo tanto se queres renovar a túa tarxeta de desempre-
go no concello SOLICITA CITA PREVIA no teléfono 981 814
692 (como mínimo 5 días antes da data sinalada).

Lembre que podes facer a renovación o día indicado na
túa tarxeta de desemprego ou ata 2 días antes.

AVISOS DE NIÑOS DE VESPA VELUTINA NO 012

■ A Xunta de Galicia coordina a loita contra a vespa
velutina, polo que os avisos de niños deberán ser noti-
ficados ao 012.

DECLARACIÓN CORTA MADEIRA NO 012

■ PERMISOS DE QUEIMA na ligazón á páxina da Con-
sellería do Medio Rural: <https://queimasweb.xunta.gal/queimasweb/>



INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Cada terceiro martes de mes no Salón de Plenos Mu-
nicipal.

Para facer uso deste servizo chama ao 981 814 612 e re-
serva a túa cita.

En xaneiro a cita será o martes 18.

Foi en... Nadal



Festival de Nadal de Corais no Concello de Vedra.



Visita en liña de Papa Noel que chegou ao CRA Neira Vilas Boqueixón Vedra e ao CPI de Vedra.



Festival de Nadal do CEIP Ortigueira.



Campamento de Nadal da ANPA do CEIP Ortigueira.



Entrega de premios do Concurso de Tarxetas de Nadal.



Sesión de contacontos de Alba Grande cos seus "Contos para Derretir Cera".

Foi en... Decembro



Charla sobre servizos financeiros, Consumo Responde.



Grabación do programa da Radio Galega "Convivir Deportivo" de Alfonso Pardo, que se emitirá no mes de febreiro.



Presentación do libro "Trobar do Ar" de Xosé Manuel Lobato.



Inauguración do Centro de Emprendemento Coworking na Estación do Tren de Santa Cruz, que contou coa presenza do Presidente da Deputación da Coruña, Don Valentín González Formoso.



Entrega de premios do I Concurso Fotográfico A Cultura do Viño na Ribeira do Ulla.



Unha das 12 xuntanzas do alcalde polas parroquias de Vedra.

Así foi... nas Asociacións



Xornada de baile tradicional coa Asociación de Gaiteiras Galegas.



Os cursos instrumentais da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla.

XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA 22º CONCURSO DE DEBUXO DA CAMELIA

■ Unha edición máis chega o tradicional Concurso de Debuxo da Camelia que enche de colorido e orixinalidade esta proposta.

Podes consultar as súas bases na web municipal.

Para máis información ou consultas podes chamar ao teléfono 981814691 ou escribir a cultura@concellodevedra.com



XI BTT CICLOTURISTA DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA

■ 13 de febreiro.

Ruta longa: 60 km

Ruta curta: 30 km

Límite de prazas: 350

Inscripcións: 10 €

+ info: bttcamelia.gal
litiming.com

Coa colaboración do Club Ribadoulla "Cicloescusa".



Emprendemento

CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN

■ No Centro de Emprendemento A Estación seguimos co proceso de selección de emprendedores/as e empresas, as cales se beneficiarán do proxecto impulsado dende o Concello, que lles permitirá:

- Dispoñer dunha sede física dentro das instalacións de A Estación.
- Ter un servizo de consultoría e asesoramento continuado.
- Acceder a formación complementaria operativa para a posta en marcha e consolidación do seu proxecto de negocio.


Visita www.aestacionvedra.gal

A ESTACION CENTRO DE EMPRENDEMENTO

Horario de atención ao público: luns a venres, de 10 a 14 horas

teléfono: 981 51 22 44

correo-e: aestacion@concellodevedra.com



En A Estación tamén se atopa a Aula Mentor de Vedra.

■ Nela asesorarémolos sobre a ampla oferta formativa existente, e que permite obter un certificado de aproveitamento oficial emitido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Se buscas cursos baremables para oposicións, ou simplemente queres mellorar as túas competencias a nivel profesional ou persoal, ponte en contacto con nós e asesorarémoste.

Ao longo de 2022 dende o Concello impulsaremos outros cursos abertos á veciñanza de Vedra, e dos que vos manteremos informados a través deste boletín e redes sociais.

A ESTACION AULA MENTOR

A Aula Mentor do Concello de Vedra é un espazo para a formación de persoas adultas en convenio co Ministerio de Educación e Formación Profesional.

A Aula Mentor dispón de máis de 170 cursos diferentes de moi diversas temáticas, que dan dereito a un certificado de aproveitamento expedido polo propio Ministerio.

Trátase de cursos con grandes vantaxes: o custe é moi reducido; horarios flexibles; apoio continuo dun tutor e do administrador da aula, que actuará de asesor persoal e de apoio técnico.

Pódese solicitar información no teléfono 981 512 244 e no correo electrónico aulamentor@concellodevedra.com





INTERCAMBIOS EUROPEOS 2022

■ Dentro do Programa Erasmus + da UE atopamos esta acción dirixida á mocidade, que ofrece a posibilidade de participar en proxectos de mobilidade europea noutros países con estadías breves (Ex. 1 semana...).

De cara o vindeiro verán, e sempre e cando a situación o permita imos tratar de solicitar dous proxectos de intercambio de diferentes idades. Para iso, imos establecer dúas reunións de preparación para avaliar se hai persoas interesadas nesta actividade.

- Se tes entre 16 e 18 anos agardámoste o vindeiro xoves 13 de xaneiro ás 18:00 h.

- Se tes entre 18 e 25 anos, reunirémonos o mesmo xoves 13 de xaneiro ás 19:00 h.

- **Lugar:** Centro Social de San Fins de Sales (xunto á escola)

Máis información e inscricións chamar ao teléfono 981 814 695 ou no correo: xuventude@concellodevedra.com

- **Nota:** É preciso inscrición previa debido á situación do COVID´19. No caso de non poder realizar a reunión presencial, será de forma virtual.

VOLUNTARIADO XUVENIL 2022

■ Tes moito tempo libre, e non sabes que facer co mesmo? Queres aproveitalo aprendendo e adquirindo experiencias de cara a un futuro laboral?

Anímate a participar como voluntario/a xuvenil e reserva a túa praza (prazas limitadas). Se tes entre 16 e 30 anos, podes participar nas diferentes áreas nas que se desenvolverán as accións voluntarias: dinamización sociocultural, accións ambientais, apoio escolar, acompañamento de persoas maiores, recu-

peración patrimonial... Ademais, as persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C. e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención. Se estás interesado/a e se queres recibir máis información ou inscribirte, podes contactar a través do teléfono 981814695 ou no correo: voluntariado@concellodevedra.com

APÚNTATE XA!



Servizos Sociais

LUDOTECA

■ Chega un novo ano e dende a Ludoteca queremos comezalo cargadiños/as de ilusións. Ao longo do mes de Xaneiro comezaremos unha nova aventura: "A máquina tempo".

- Para iso, realizaremos diferentes actividades, como localización temporal, xogos espazo-temporais, contacontos, elaboración de alimentos, decoración e moitas cousas máis.
- Día da Paz. Contacontos e Xogamos en valores, iremos traballando o concepto da paz e os valores a través de varios contos
- Super chef : Como todos os meses, faremos un taller de cociña para chuparse os dedos!

- O profesor tolo "Ludo" e a investigadora científica "Teca" traerannos de novo, un dos seus experimentos tan divertidos!!

Anímate e goza o novo ano connosco!



Visita do Valedor Infantil á Ludoteca municipal



XUNTA
DE GALICIA



Concello
de Vedra



INFORMACIÓN XERAL SOBRE O PROGRAMA DE TERMALISMO DO IMSERSO PARA 2022 (QUENDAS ABERTAS E LISTAXE DE AGARDA)

■ Prazo de inscrición para as quendas dos meses de setembro a decembro de 2022, ata o 15 de maio de 2022.

Para a inclusión nas listaxes de agarda (no caso de que queden prazas vacantes por renuncias ou outras circunstancias):

- Para as quendas de febreiro a agosto de 2022, ata o 14 de maio de 2022.
- Para as quendas de setembro a decembro de 2022, ata o 30 de outubro de 2022.

Lugar de inscrición:

1. Telematicamente, a través da Sede Electrónica do IMSERSO, na seguinte ligazón: https://sede.imserso.gob.es/sede_01/proc_sede/detalle_proc_sede/index.htm?id=2

2. Presencialmente, no departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra, solicitando PREVIA CITA no teléfono 981 81 46 93

O listaxe de balnearios Galicia pódese consultar no BOE número 284 do 27 de novembro de 2021

Muller



VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO 42 MULLERES ASASINADAS ANO 2021

■ A violencia de xénero é unha inxustiza manifesta que empobrece a nosa sociedade e impide que se avance no benestar común que todas e todos queremos. É un atentado contra os dereitos humanos e a dignidade das persoas. É un problema de mulleres e de homes, da infancia, da mocidade, das persoas maiores, de calquera clase social, cultura, ideoloxía ou relixión, é un problema global e mundial.

Como cada ano, o relato de mulleres e menores asasinadas faise insoportable. Mulleres que foron vítimas da violencia máis cruel. Vítimas do machismo e dunha sociedade que aínda non conseguiu erradicar a peor das desigualdades posibles. Este ano 42 mulleres foron asasinadas.

O Concello de Vedra quere por de manifesto de que toda a veciñanza podemos contribuir a erradicar esta lacra;

QUE SE PODE FACER SE TES COÑECEMENTO OU PRESENZAS UNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA:

Toda a sociedade pode involucrase, pasar de “cómplice” a “axente de cambio”.

Ante calquera violencia machista, é a nosa responsabilidade dar unha resposta, non serve nin a complici-

dade nin a pasividade. As persoas que están preto da vítima, familiares, amigos, ou aquelas persoas que teñan coñecemento, deben ser conscientes de que a súa axuda é tamén clave.

SE CREES QUE ALGUNHA MULLER DA TÚA CONTORNA PODE ESTAR A SUFRIR VIOLENCIA DE XÉNERO:

Non a presiones e faille saber que estás aí para apoiála. Trata de comprendela e non a xulgues. Tenta falar con ela dos seus sentimentos, dos malos tratos, do control que exerce a súa parella e da oportunidade que teñen ela e, no seu caso, os seus fillos e fillas de vivir sen medo e nun ambiente libre de violencia.

SE PRESENZAS UN ACTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO:

Non mires cara a outro lado, actúa. A violencia de xénero é un problema social e é un delito público.

En caso de ouvir ou presenciar un acto de violencia de xénero, ponte en contacto co teléfono gratuito de asistencia inmediata 112, indicando con precisión o lugar dos feitos para que os/as profesionais de emerxencias acudan canto antes.

Hai toda unha serie de recursos co único obxectivo de mellorar os mecanismos de protección, seguridade e asistencia ás mulleres vítimas e aos seus fillos e fillas.

E SE...

- Cando estás na casa, oes un berro, sae para ver que ocorre, alguén pode necesitar a túa axuda.
- Ves que algunha muller está a sufrir algún tipo de violencia, achégate e pescuda se está ben e se necesita axuda.

Ao agresor faille saber que ese comportamento é inaceptable.

Se a situación é grave ou che parece que achegarse pode ser perigoso: Fai ruído, grita lume, reprende ao agresor para darlle a coñecer que hai persoas testemuñas da situación.

Ao mesmo tempo, debes chamar á o 112 ou 061.

Outros teléfonos importantes a túa disposición son:

- **Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra** de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas.
- **CIM, Centro de información á muller:**
 - Atención xurídica Venres de 8.00 a 15.00 h.
 - Atención psicolóxica Martes de 8.00 a 15.00 h.

Teléfono 981 81 46 93.

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

O Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.



Concello de Vedra



Iniciativas Asociativas

VI MARATÓN POR MONTAÑA A CAMELIA DO CDM VÉRTICE

5 de febreiro de 2022

- **Cronoescalada:** Gran Premio Galitiming Subida ao Pico Sacro 3,2 km / 385 m de desnivel positivo.

6 de febreiro de 2022

- **Trail:** 14 km / 370 m de desnivel positivo.
- **Andaina:** 14 km / 370 m de desnivel positivo.
- **Maratón:** 42 km / 1900 m de desnivel positivo.

As inscricións están xa abertas:

<https://clubvertice.es/a-camelia/>



Colaboran:



vértice | CLUB MONTAÑA

Trofeo de Atletismo, 19880 Vedra (20 Concello) Sot. - 2018 840 018 840 Email: clubmontana@galitiming.com



A NATALIA BARREIRO

Veciña de Sarandón polo seu Premio Talento Mozo Galicia, polo seu traballo no desenvolvemento dunha vacina contra o SARS-CoV-2 empregando un sistema de etiquetaxe molecular desenvolvido no CiQUS da USC.



A MARTA SOLAR TOMÁS

Veciña de Vedra que acadou o terceiro posto da R.F.E.C., no pasado mes de novembro, na categoría absoluta no Campionato de España da disciplina "Agility" unha modalidade deportiva na que unha persoa guía dirixe a un can sobre unha serie de obstáculos.



Vedra contra a violencia de xénero

CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, EU DOU A CARA



PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo cultura@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.